

ACTA

Da sesión **extraordinaria** (a petición de grupo político), en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

30 de xaneiro de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e cincuenta e tres minutos do día trinta de xaneiro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D^a. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria (a petición de grupo político), do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D^a. María Nava Castro Domínguez (PP).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sr. Presidente.- E damos comezo, non sei se algún descanso de cinco minutos, ou, senón hai inconvinte, pois comezamos co seguinte Pleno. Ben, comezamos o Pleno extraordinario previsto para as 12:45 cos seguintes puntos da orde do día.



1.8131.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE PARA RECLAMAR DA XUNTA DE GALICIA E DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O MÁXIMO ESFORZO NA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN DA COSTA GALEGA PROVOCADA POLA CHEGADA DE PELLETS PLÁSTICOS**

Sr. Presidente.- O primeiro punto que é a Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para reclamar da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra o máximo esforzo na loita contra a contaminación da costa galega provocada pola chegada de pellets plásticos. Ten a palabra D. Carlos Gómez.

Sr. Gómez Prado.- Bos días a todos e a todas. Empezo coa exposición de motivos onde, bueno, pois a costa galega está sufrindo un grave episodio de contaminación polos pellets plásticos procedentes do buque Toconao, de bandeira de Liberia, que perdeu o pasado 8 de decembro a uns 80 quilómetros do oeste de Viana do Castelo, Portugal. A día de hoxe son xa 80 praias das afectadas pola marea plástica que se estende polas tres provincias galegas costeiras. A concienciación social polo impacto contaminante dos micro plásticos é un feito, estas materias, materiais, perdón, ao ser ingeridos por numerosos seres mariños e incorporarse á cadea trófica producen a morte ao producirlle a eses animais cambios no metabolismo enerxético, patoloxías intestinais, estrés oxidativo ou alteracións psicomotrices. A chegada de millóns destes gránulos industriais ás nosas costas está agravando esta situación e será un problema que perdurará durante moitos anos debido ao amplo prazo de biodegradación dos plásticos, e por isto é tan importante tamén actuar con urxencia e de xeito coordinado. Fronte a isto cómpre recordar como foron os feitos para poder actuar dunha vez por todas e para solicitar as correspondentes responsabilidades. A primeira nova que se ten en Galicia destes pellets plásticos é o día 13 de decembro cando o Servizo de Emerxencias 112 da Xunta de Galicia alerta a Salvamento Marítimo de que unha persoa tiña atopado o primeiro saco de pellets plásticos na nosa costa. Por tanto, a primeira alerta oficial procede da Xunta de Galicia, como dicíamos a través do 112, e transmítese ó servizo estatal como é Salvamento Marítimo. Tras as pesquisas desenvoltas polo Centro de Salvamento Marítimo de Fisterra, do Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible, conclúese que o buque Toconao pode ser o responsable da achega de pellets ás costas galegas. Ese mesmo día o responsable do Centro de Salvamento Marítimo informa ó Subdirector do



Servizo de Gardacostas, organismo dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia de que probablemente estes sacos proveñan dese barco e que o Goberno xa está facendo xestións coa empresa armadora. O día 26 de decembro o Servizo de Protección Civil da Delegación do Goberno ten coñecemento da chegada de pellets a diferentes puntos da costa e entre eles ó Parque Natural de Corrubedo e traslada á Dirección do Parque Natural toda a información do representante da empresa naviera. Polo tanto, con esta comunicación a Parques Naturais dependente da Consellería de Medio Ambiente a Xunta de Galicia volve a ter coñecemento da chegada de pellets ás costas pero sigue sen activar dito plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia, Plan Camgal. Non será ata o 5 de xaneiro, despois de numerosas informacións nos medios de comunicacións e en redes sociais sobre novos avistamentos de pellets na costa, cando a Xunta de Galicia por fin decide activar o Plan Camgal, Plan que cómpre recordar está integrado no sistema nacional de resposta, segundo este sistema nacional na mar a competencia é por completo do Estado, a través do Piccma, mentres que en terra a competencia é absolutamente e unicamente autonómica. As competencias estatais neste escenario foron exercidas por, pois Salvamento Marítimo realizou constantes inspeccións cos medios aéreos pero non se localizou ningunha materia ó tratarse de material que polas súas características, tamaño, cor, é case indetectable na alta mar. Sen embargo a actuación en terra firme está sendo cuestionada polos concellos máis afectados como por organizacións tamén ecoloxistas e colectivos de voluntariado. A Xunta non activou o Plan Camgal ata o 5 de xaneiro o que é o mesmo, é dicir, que negou o problema ata esa data. Ademais activou o nivel 1 da emerxencia, ou sexa, o nivel mínimo que se corresponde con episodios de contaminación de pequena gravidade e extensión. Tardou ata o 9 xaneiro, tras numerosas peticións en activar o nivel 2, que se dá por episodios de gravidade en extensión media un día despois de que o fixeran Asturias, aínda que quedaría a declaración do nivel 3 de emerxencia para episodios de máxima gravidade que supoña a capacidade de resposta na Comunidade Autónoma. Só cando a emerxencia alcanza os niveis 2 e 3 actívanse os medios estatais para a loita contra episodios de contaminación en terra no marco do plan estatal de protección da ribeira do barco entre a contaminación, plan ribeira do MITECO. En paralelo a Xunta de Galicia minimizou o impacto da marea plástica afirmando que os gránulos que están aparecendo en todo o litoral galego non son tóxicos, entrando en clara contradición coa Fiscalía do medio ambiente que abriu unha investigación e recalcou que hai indicios de toxicidade deste material, que en todo caso é altamente contaminante. O goberno galego tamén abandonou dun



xeito moi notorio ós concellos que unha vez máis corren co peso da resposta dende a administración pública.

Sr. Presidente.- Vaia rematando por favor, xa superou o tempo.

Sr. Gómez Prado.- O único que fixo a Xunta de Galicia foi elevar unhas cartas ás alcaldías para dicirlles que van, que vaian gardando as facturas para pasar os gastos e asegurar o barco, un longo etc. E paso a ler a proposta de acordo ...

Sr. Presidente.- Desculpe, mire, xa superou o tempo en máis de 30 segundos.

Sr. Gómez Prado.- Terei que ler a proposta de acordo, entendo, para que os presentes saiban.

Sr. Presidente.- Ten un segundo turno de palabra.

Sr. Gómez Prado.- Vale, perfecto.

Sr. Presidente.- Grazas Carlos. Ten agora a palabra María Ortega do Grupo do BNG.

Sra. Ortega Iñarrea.- Moitas grazas Presidente. Ben, aínda que afortunadamente a afección da marea de pellets plásticos non afectou demasiado, digamos así, ó litoral da provincia de Pontevedra si que, xa que se nos dá a oportunidade de falar, ó traer esta moción, queremos mostrar a solidariedade cos concellos do país que si que realmente estiveron afectados e siguen estando, e tamén agradecer a rápida intervención destas entidades, nomeadamente Riveira e Muros, pola rápida actuación e boa coordinación ante este episodio. Ben, dito isto, vinte anos despois a pos do Prestige nin o Goberno Español nin a Xunta de Galiza aprenderon a lección. Unha vez máis o litoral galego sofre unha catástrofe ambiental e unha vez máis a Xunta de Galicia afronta unha crise con ocultación, con mentiras, cunha flagrante negligencia e deixando sós ós concellos, como revela a cronoloxía dos feitos relatada anteriormente na exposición da moción, a Xunta do PP seguindo a senda de desgoberno e nula xestión naqueles temas da súa responsabilidade ocultou, mentiu e manipulou a información. A Xunta actuou con improvisación e irresponsabilidade sen medios propios que actúen e co escándalo que supón que non se activase o Plan Camgal ate máis, o que provocou que non se coordinaran as labores de actuación nos concellos e sen



poñer a disposición os medios necesarios. A actuación foi a todas luces negligente. É evidente que o goberno galego fixo deixación de funcións, abandonou ós concellos á súa sorte, desentenduse da coordinación do voluntariado, mesmo naquelas zonas medio ambientalmente máis sensibles, e non está a prever as consecuencias que esta marea plástica pode ter no sector pesqueiro e marisqueiro galego. O goberno do Partido Popular tal e como vén facendo nos últimos anos trata de responsabilizar ó Estado da súa propia incompetencia, escapando ás súas propias competencias. Galicia asumiu en base ó seu Estatuto de Autonomía a competencia exclusiva de establecer normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe e a execución da lexislación do Estado en materia de verteduras industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ó litoral galego. No mar o Goberno Español é o titular das competencias en materia de loita contra a contaminación mariña e na costa só pode actuar despois da activación por parte do Goberno Galego do Plan Camgal na situación 2 de emerxencia. O BNG vén esixindo dende hai anos a transferencia de todas as competencias que teñan que ver co medio mariño, entre elas a de salvamento marítimo e loita contra a contaminación. E o Partido Popular vén votando sistemáticamente en contra. É fundamental a transferencia a Galiza das competencias e medios en loita contra a contaminación mariña, este é un novo exemplo da necesidade de decidir desde Galiza desde o primeiro momento. Este grupo vai apoiar a moción.

Sr. Presidente.- Grazas María. Ten a palabra o voceiro, voceira do Partido Popular, María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Moi ben, moitas grazas Presidente. Moi bo día a todos e a todas. En primeiro lugar tratarei de debater o que solicita esta moción indo ó tema e expoñendo a situación, esa será a primeira parte; e a segunda, e quizás sexa ese o motivo desta urxencia, é que como onte dicía un periódico este tema é político, según opina o 82% dos galegos, que afirman que os pellets estiveron politizados. Dito isto, esta urxencia de debate deste tema é verdadeiramente de que se trate antes das eleccións autonómicas, digo eu que será esa a urxencia. Porque a moción é practicamente igual, á presentada polo Partido Socialista, calcada, na súa parte expositiva, á presentada xa en varios e con algunhas, ten algunhas diferenzas na parte dispositiva e na adopción dos acordos. Vamos, polo tanto, ó que pide a moción, ós puntos que lle quedaron sen expoñer ó poñente. En primeiro lugar, solicitar á Xunta de Galicia a maior axilidade na avaliación do nivel 2 e 3 do Plan Camgal, estamos xa de novo no nivel 1. Punto 2, solicitar



medios para a retirada de material, listo, agora mesmo estamos xa con 300 dos efectivos da Xunta despregados nas praias. Punto 3, colaboración dos concellos e da Fegamp que xa existe. Punto 4, protocolo de retirada, lles conto que tanto os concellos e os que o estamos levando a cabo se está aplicando a través do Plan Camgal e polo tanto listo. O punto 5, que os concellos principalmente afectados percibamos axudas, esto non o entendín ben, porque din que as axudas sexan compatibles estas axudas con posteriores indemnizacións, non o entendo, a verdade. O punto 6, axudas da Deputación ós concellos de litoral afectados, que como moi ben dicía a voceira do BNG, nesta provincia estamos moi pouco afectados. E o punto 7, que a Presidencia da Xunta opte pola cooperación institucional. Eso é o que pide a moción. Tuvo que elevarse o nivel, descoñeza se houbo nalgún momento algunha actuación onde houbo que pedir, por parte da Xunta de Galicia, insistentemente, pedilo e suplicalo sempre tanto. Houbo que definir os medios, ó Estado, houbo que pedirlle reunións, ó Estado, en fin, eu diría que máis que solicitar da Presidencia da Xunta esta cooperación institucional, eu diría que fose recíproca, diría eu, neste párrafo, cando os mesmos Ministros, que no seu momento se pasearon en AVE, non comentaban este problema, eu penso sinceramente porque non o consideraban irrelevante. E polo tanto, menos falar, eu pénsoo desde o punto de vista da cooperación institucional. Se eso é o que piden nesta moción é verdade que é bastante inconcreto, sobre todo o que lle afecta a esta Diputación Provincial de Pontevedra e ós nosos concellos do litoral, porque non nos consta que a ningún concello, eu teño un, que foi tamén afectado, lle poidamos cuantificar ou lle poidamos pedir algunha axuda a esta Diputación. Penso que neste momento polo tratamento dos pellets cuantificadamente, é dicir, economicamente falando, non é o maior problema que temos os concellos do litoral coas nosas praias e coa nosa limpeza de praias. Nós temos valido, eu lle falo dos que estamos aquí presentes, moitos neste grupo con concellos afectados, nos valemos dos nosos medios, tivemos gastos en limpeza de praias, tendo en conta que a afección dos municipios costeiros da provincia de Pontevedra foi “escasa” en comparación con outros concellos postos aquí de relevo, e polo tanto non se espera unha afectación maior, eso é o que din, ata a experimentada ata o momento, eso o din os técnicos, o Comité de Seguimento, que tamén foi creado pola Xunta de Galicia. ¿Que temos feito os concellos afectados? Utilizar os nosos medios, as nosas brigadas, os operativos de vixilancia e limpeza e voluntariado e organizar sen dúbida xornadas para limpar, non de pellets, senón en xeral de moita basura e retirala dos arenais. Medios da Xunta, hai 300 persoas contratadas. Nestes momentos, ¿como está o tema? Na provincia de Pontevedra moitísimo mellor.



Pero vamos a este lío, e vou á segunda parte, ¿como afectou este tema á nosa reputación, ao noso turismo, á nosa gastronomía, á nosa pesca, ó noso marisqueo, á nosa industria de transformación e ós nosos portos? ¿Como é posible que teñan conseguido enfadar a unha boa parte do sector? ¿Como é posible que realmente, en fin, non se poida nomear ó Estado, despois das competencias que ten? Como é posible en realidade que isto puidera servir, sen dúbida, eu trato sempre de sacar partes positivas de cada problema, que se poida, en dúbida, evidentemente, o mellor de toda esta crise, que hai moitos restos nas nosas praias, que hai moitos restos no mar, que hai moita basura, que hai plásticos que afectan ó noso mar e non só pellets. E termino, case me atrevo a dicirlles que efectivamente sairemos de dúbidas dentro de 19 días, e aí se verá se como di este artigo o 82% dos galegos afirman que os pellets estiveron politizados. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas María. Ten a palabra agora o Sr. Gómez, D. Carlos Gómez.

Sr. Gómez Prado.- Eu excedinme, a Sra. Ramallo, máis que eu, que por min non hai problema, pero si que lle pido ó Presidente que, que o tempo sexa o mesmo para todos. De todas maneiras, Sra. Ramallo, para vostede e os seus compañeiros de bancada, creo que non lle quedou ben claro que nós precisamente esta moción a solicitamos, non a solicitamos nun Pleno, digamos urxente e extraordinario, porque se pediu para o Pleno ordinario, e, non sei se ó mellor lle debía dar medo debater estas mocións que se presentou para dito Pleno. E para seguir con todo isto, mire, eu creo que ademais todos estamos aquí en política e veño de escoitar a súa exposición de motivos con respecto á moción das autoestradas galegas, e a verdade que creo que neste caso estamos falando dun problema de todos os galegos e galegas. O que pasa é que vostedes unha vez máis, insisto, co adoutramento do Partido Popular a todos os seus representantes nos concellos, nas deputacións, pois non lle deixan realmente mirar máis aló da súa, da realidade, que é un problema dos veciños e veciñas. É certo que por sorte non, na provincia de Pontevedra, non houbo case ningún tipo de afección con respecto ós microplásticos, pero o outro día estivo no Val Miñor o Conselleiro do Mar, estivo concretamente no meu concello, no noso concello, facendo unha visita, no Concello de Baiona e non se dignou nin sequera pasar polo Concello de Nigrán que é un dos afectados polos micropellets. Y ademais que vostede falou de, ou fala directamente dos concellos, miren, un dos grandes problemas que teñen nestes concellos, os concellos de Galicia, precisamente é a complicidade



dos gobernos do Partido Popular, e aquí creo que temos que facer un punto de inflexión e facer referencia a esas competencias impropias que vostedes saben, como pode ser o transporte, onde en todos os concellos do Partido Popular se apoiou esa iniciativa do goberno autonómico de Galicia, podemos falar o que lle costan tamén a todos os concellos o servizo de atención a domicilio cando a Xunta de Galicia ten que asumir ese 50% por lei, pola lei do ano 2006, e un longo etc., etc., etc. En moitos concellos incluso asinar convenios de tapadillo coa Xunta de Galicia, como pode ser en Baiona no ano 2006, despois das inundacións con Augas de Galicia facéndonos cargo de competencias que non son nosas, como neste caso en concreto, todo o que ten que ver co río Groba. Polo tanto, non intentemos desviar a atención e si preocuparnos de cales son as prioridades ...

Sr. Presidente.- Rematou o seu tempo, e como nós, rematou o seu tempo, rematou o seu tempo. E, non sei se María, ben, ten a palabra a Voceira do Grupo Provincial do Partido Popular María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Bueno, moitas grazas Presidente. Eu me vou cingir ós tres minutos que non, non necesito máis, para quedar patente, quedar evidente, que a urxencia en debater esta moción era porque queren facer e quixeron facer deste problema, desde o minuto un, un tema absolutamente político de cara ás vindeiras eleccións autonómicas. Esa é a realidade, e como lle dicía ó principio o mellor de todo isto foi, canalizar o voluntariado, que ás nosas praias no mes de xaneiro, lle déramos unha batida e puidéramos entre todos comprobar a cantidade, a cantidade de basura que enche o mar e que enchen as praias, e que eso sirva para concienciar á xente nova, ós colexios, ó voluntariado, é o mellor de todo isto; o resto, moitísima política. Alguén falaba aquí do Prestige, eu estiven no 2002 cando o Prestige, en fin, nada que ver, me recordan vostedes cando se presentaban as mocións de censura, que paralelamente alí si que había que recoller restos de todas as nosas praias tinguidas pola negrura, cando presentaban outro tipo de mocións de censura. Isto é política, amigo mío, é política, podemos falar do SAD, das competencias impropias, do que nos costa atender as nosas praias, a limpeza no verán, o balizamento, os socorristas. O SAD cando se aprobou a Lei de Dependencia, co Presidente Zapatero, se dixo, 50% da Xunta, 50% o Estado. Estamos pagando os concellos, os concellos non ibamos pagar nada, madre mía por Dios, así é a Lei de Dependencia. Mire, que non queda camiño por percorrer para os concellos, estamos infrafinanciados, claro que estamos infrafinanciados, non nos chegan os cartos, claro que si, e agora que



van vostedes a abrir ese melón de cara á financiación autonómica acórdense tamén dos concellos que estamos verdadeiramente infrafinanciados. Pero mire, o tema dos pellets non é un tema económico, o que vostede quixo poñer aquí de releve, non é un tema económico, nin é un tema onde a Deputación de Pontevedra, onde vostede o propón nun dos seus puntos, teña que facer unha orde de subvencións para cubrir os gastos nos que incurrimos os concellos pola limpeza dos pellets. Mire, non, temos moitísimas carencias, pero o gasto que tivemos os concellos pola limpeza dos pellets está aí, e na provincia de Pontevedra está aí, e quen diga outra cousa é o que non veu, non se acercou á praia ou non está facendo absolutamente nada. Polo tanto, eu lle admito que temos infrafinanciación, que levamos competencias impropias que non nos corresponden, a moreas, agora, o que non lle podo admitir é que pretendan abrir unha liña de subvencións para financiar os gastos que na limpeza dos pellets incorremos os concellos da provincia. Home, eu penso que hai que ser serios, eu me agarro ó principio que foi un tema político, é un tema político, e a verdade é que a nós nos vai ben que sea un tema político. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas María. Ten a palabra para pechar o turno, se o ten a ben, D. Carlos Gómez.

Sr. Gómez Prado.- A verdade é que non me dou tempo precisamente a recoñecer que polo menos, pola nosa intención non é politizar este tema en concreto dos microplásticos. O que si queríamos deixar patente é que despois da, que non ten nada que ver, pero vaia por diante, o que pasou co Prestige no seu momento, a Xunta volveu a demostrar que non ten capacidade, e cando falo da Xunta falo da Xunta do Partido Popular, non ten capacidade de xestión de leis, que ademais non se pode poñer en duda, son leis que ademais no seu momento no Goberno de España aprobou o Partido Popular. O único que pretenden é taparlle a todos os galegos e as galegas o que é a realidade, é que dende o minuto un, precisamente, xa non sólamente co Estado senón coas diferentes administracións, incluso as locais, debía haber comunicación, e non a hai, e cando se lle pide a esta Deputación de Pontevedra que se poña ó lado dos concellos non se trata sólamente de falar de diñeiro, senón da xestión da propia situación, e póñolle o exemplo do que fixo a Deputación anterior a esta cando tivemos os problemas coas inundacións do ano 22-23, que por certo, este ano esta Deputación non se puxo ó lado dos concellos que tiveron problemas neste caso, e que naquel momento ademais a Xunta de Galicia deulle as costas a todos os concellos, 15 concellos do sur da provincia de Pontevedra que non foron



atendidos polo goberno da Xunta de Galicia, 15 concellos cos seus veciños e veciñas, e nada máis e nada menos que reiterar e sobre todo facerlle entender ós asistentes e tamén ós que nos escoiten ...

Sr. Presidente.- Rematou, rematou o seu tempo.

Sr. Gómez Prado.- ... deixarlle ben claro que esta Xunta

Sr. Presidente.- Vamos a proceder á votación do primeiro punto da orde do día deste Pleno extraordinario. Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para reclamar da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra o máximo esforzo na loita contra a contaminación da costa galega provocada pola chegada de pellets plásticos. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rechazada por un número de 13 votos.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para reclamar da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra o máximo esforzo na loita contra a contaminación da costa galega provocada pola chegada de pellets plásticos.

2.8132.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A LICITACIÓN INMEDIATA DA PRIMEIRA FASE DAS OBRAS DA ESTRADA EP-2702 AMOEDO-OS VALOS E DA CONTINUIDADE DA REFORMA INTEGRAL DURANTE O ACTUAL MANDATO COAS DÚAS FASES RESTANTES**

Sr. Presidente.- Seguinte punto da orde do día, número 2 e último. Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para esixir da Deputación a licitación inmediata da primeira fase das obras da estrada EP-2702 Amoedo-Os Valos e da continuidade da reforma integral durante o actual mandato coas dúas fases restantes. Ten a palabra Gregorio Agís. Un segundo Gregorio. Adiante.

Sr. Agís Gómez.- Si, gracias Presidente, bos días a todos. Traemos unha moción para reclamar, para solicitar esta infraestrutura de mellora da primeira fase por



importe de 988.984 euros de Amoedo-Os Valos, proxecto xa redactado, aprobado, coas cesións desenvolvidas, que pretendía a mellora da EP-2702, ampliación da plataforma para dotación de beiravía e corrección das curvas con menor visibilidade nun entorno pois dun asfalto en moi mal estado, un trazado inadecuado, perigoso, gravísimo para os peóns, con un tráfico moi intenso, tráfico pesado, falta de seguridade. Bueno, este proxecto quedou nunha fase, en fase de licitación, pendente de presentación de ofertas e non se entende que pasado tanto tempo este proxecto siga metido nun caixón ou bloqueado. Non é novo, é dicir, desenvolver este proxecto foi tremendamente complicado, houbo unha negativa inicial do alcalde de aportar as cesións, incluso de facer as aportacións que establece o decálogo en función dos diferentes servizos que teñen os proxectos, modificación, houbo que modificar o proxecto para ceñilo a unha fase onde non houbera servizos municipais e o concello non tivera que facer aportación; definitivamente despois de, realmente, esforzo por parte da veciñanza, de reclamar, de manifestarse, de opoñerse, de presionar, o alcalde tuvo a ben participar e colaborar para a firma dese convenio, convenio que se levou a fin, pero insisto, o proxecto segue pendente de licitación. Foi necesario aportar terreos, non foron capaces de aportar, por parte do anterior alcalde do Partido Popular, de todos os terreos, polo tanto houbo que á última hora acceder á expropiación para conseguir a totalidade dos 41 terreos necesarios; non foi necesario facer aportación económica ó convenio na medida en que se axustou o proxecto ás zonas que teñen menos, que carecen de servizos, que teñen menos presión por parte dos viandantes, polo tanto as beirarrúas non son tan necesarias, e se resolveu mediante, bueno, pois estas cunetas tendidas que facilitan, beiravías, que facilitan a circulación con seguridade das persoas. Polo tanto, nesta moción reclamamos que se licite de maneira urxente esa primeira fase por valor de case un millón de euros, da reforma da EP-2702, de acordo ó proxecto redactado, de acordo ó convenio firmado co Concello de Pazos de Borbén, e que tamén se avance nas seguintes fase 2ª e 3ª, xa nas zonas máis habitadas e que requiren xa beirarrúas e que requiren servizos municipais. Quero tamén expresar o agradecemento á veciñanza pola presión que fixeron, pola cooperación activa coa Deputación de Pontevedra á hora de conseguir que este convenio se puidera firmar por parte do concello, e instamos, como digo, á Deputación a que axilice esta obra tan necesaria nun entorno tan perigoso, cunha densidade de tráfico tan grande e que require dunha actuación urxente. Tiven a oportunidade de estar alí estes días, o asfalto está nun estado verdadeiramente lamentable, cada persoa que accede pola vía se xoga a vida, e non entendemos que un proxecto que quedou polo anterior goberno en licitación no trámite de presentación de ofertas, que



siga metido nun caixón. Non entendemos este bloqueo, non o entendíamos antes por parte do concello e non o entendemos agora por parte da Deputación.

Sr. Presidente.- Grazas. Ten a palabra Manuela Rodríguez.

Sra. Rodríguez Pumar.- A respecto desta estrada fixen unha pregunta no Pleno anterior, xa en abril de 2023, en plena campaña, precampaña electoral, o deputado daquela, que acaba de antecederme na palabra, Sr. Agís, presentaba ós veciños de Pazos de Borbén no Centro Cultural de Nespereira, ese anteprojecto, anteprojecto para transformar a estrada dos Valos e na que se ían a investir preto de un millón de euros. Tal como figura na propia páxina da Deputación as obras de ensanche e mellora desa, da seguridade viaria da EP-2702, Amoedo-Os Valos, abranguerían o treito entre os puntos quilométricos e 6,550 e 7,980 e suporían o cambio substancial desta estrada na que ademais da reparación do asfalto corruxiríase o trazado, adaptaríanse os criterios do século XXI, entre as actuacións incluíase a ampliación da plataforma para dotala de beirarrúas, a corrección das curvas con menor visibilidade e todas aquelas encamiñadas a cumprir as directrices que a Deputación estaba a aplicar en toda a rede de estradas provinciais. Esa actuación que xa viña do mandato anterior, xa do 2017, 2018, en canto o que é o proxecto en si, e que non se puidera levar adiante pola demora, que se cita, tamén é certo na moción, por parte do Concello de Pazos de Borbén en poñer os terreos a disposición, é de vital importancia, certo, porque a perigosidade que supón o mal estado da vía e o volume de tráfico que soporta faina moi perigosa, en particular o tráfico pesado, o relacionado co polígono de Amoedo, e non só, porque dende que hai a prohibición de pasar o tráfico pesado por Redondela se desvía outro tráfico, tamén vai a Fornelos e outros destinos; e é esencial realizar esas actuacións que garantan a seguridade viaria tanto para peóns como para vehículos, as saídas de vía téñense producido, o movemento dos veciños, dos rapaces e rapazas cando van a coller os autobuses para a escola. É unha situación realmente preocupante, pero malia que agardaban o inicio das obras para a volta do verán, que era cando se decía que ían a empezar, a veciñanza da zona nunha visita que realizamos recentemente, o 12 de xaneiro estivemos reunidos cunha representación da plataforma e dos veciños da zona, e nesa reunión nos mostraban a súa preocupación pola paralización da obra por parte do novo goberno, ou polo menos eso é o que entende, que é unha paralización desa obra, e pola falla de comunicación deste goberno cos representantes veciñais e mesmo co goberno local de Pazos de Borbén, tal e como recollían os medios de comunicación recentemente. Tamén é curioso ou



cando menos é moi sorprende a coincidencia que despois da visita que facemos nesa, o 12 de xaneiro á localidade, como consecuencia, nesa mesma visita xa nos enteramos de que a nova titular de Infraestruturas da Deputación, a Sra. Couselo, se puxera en contacto coa plataforma para en breve manter unha reunión que cremos que aínda non se materializou i eso xa estabamos alá polo 12 de xaneiro, é dicir, que tempo tivo este goberno de poñerse en contacto cos veciños, non sei se co concello, o fixo, pero seguramente tampouco. E tamén é certo que parece que, bueno, que tamén se activou, porque esta moción vén, tamén, pois bueno, a posterioridade desa visita, tamén nos parece moi gratificante ou polo menos nos parece positivo que a iniciativa política do compañeiro Portavoz municipal en Pazos de Borbén, Xurxo Pardo Besadío, tivera esta reacción, por un lado dese anuncio de entrevista ou dalgunha explicación por parte do goberno da Deputación e tamén desta moción que nos permita hoxe falar deste tema. Pero, en todo caso, a cousa está parada i por eso facíamos esta pregunta no Pleno anterior, e de se existe ese proxecto porque nono vimos aprobado en ningún sitio, non sabemos que proxecto hai, se é de todas as fases, porque estaba programada en varios tramos, i tamén cando se vai a iniciar, é dicir, bueno, pois que se licite, nese sentido imos a votar positivamente aprobando esta, apoiando esta moción, pero en todo caso si que nos gustaría ter a resposta a esas preguntas, i, bueno, pois recibimos positivamente o interese que parece que de repente i a raíz da iniciativa do BNG local de Pazos de Borbén tivera tanto no que é o goberno da Deputación como na iniciativa desta moción por parte do Grupo Provincial do PSOE. Grazas.

Sr. Presidente.- Grazas Manuela. Ten a palabra D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben, primeiro saudar ós veciños de Pazos de Borbén que se atopan nesta sesión plenaria, i comezar pois a facer un relato dende o grupo de goberno dos feitos e dos acontecementos. O primeiro que queremos transmitir é tranquilidade porque é igual que dende o goberno municipal, no seu día, do Partido Popular e agora dende a Deputación, que levamos seis meses, esta obra é unha prioridade, pódolles dicir ademais que eu visitei, conxuntamente no pasado mandato, como Portavoz do Grupo Provincial, esta estrada, xunto co seu alcalde Andrés Iglesias e cos deputados provinciais Carmen Amoedo e Alfonso Marnotes, para facer iniciativas, pois tamén de presión ao goberno da Deputación para en pouco desatracar o tema. Lémbrome perfectamente que presentamos aquí unha moción instando á Deputación a sentarse a negociar esto co concello e que fora rexeitada incluso polo Grupo Socialista. Pero na



concatenación de feitos i de anualidades hai que dicir que nós levamos seis meses, é dicir, se vostedes para o Grupo Socialista antes a responsabilidade era do equipo de goberno do concello ¿agora é da Deputación que levamos seis meses?, ou é que era antes porque era do Partido Popular e agora aquí somos do Partido Popular e o problema o ten o Partido Popular. Pois miren, nos últimos oito anos quen gobernou esta Deputación que é a titular da carretera foron vostedes, tiveron oito anos para adiantar e axilizar os trámites. O concello e o seu alcalde en todas as veces que foron chamados á Deputación, para sentarse a falar desta estrada, veu, e non soamente se demostrou o esforzo e a colaboración do grupo de goberno do Partido Popular no Concello de Pazos conseguindo as cesións daqueles propietarios que a título gratuíto as cederon de forma voluntaria, senón que ademais se lle pediu ao alcalde de Pazos que conseguira as cesións dos Valos, que era un tramo que pertencía ao Concello de Redondela, e polo tanto, está máis que demostrada a posición e a posibilidade que tivo o anterior alcalde de Pazos de Borbén. Nós non imos a facer, dende o grupo de goberno actual, o que fixeron vostedes cando entraron no 2015; os veciños de Pazos non o saben pero voulo a relatar eu que fun un dos afectados. Eu son alcalde e sigo sendo alcalde, sei a importancia que ten a mellora dunha estrada, dun tramo que é o que estamos defendendo aquí, entre o núcleo de Nespereira i os Valos, ¿por que?, porque loitei tamén por tramos de estradas provinciais para o meu concello. ¿Y saben o que pasou cando vostedes entraron, que os veciños de Pazos ó mellor non o saben?, que vostedes paralizaron 8 reformas de carreteras provinciais en 8 concellos gobernados polo Partido Popular, i eu fun un dos afectados. Nós, agora, co novo goberno da Deputación que preside Luis López, que foi alcalde do seu Concello de Rodeiro, sabe da importancia das peticións de veciños coma os que hoxe están nesta cámara, entende perfectamente que hai que tratar de asumir os compromisos, pero é que nestes momentos hai que dicirlle ós veciños e ó seu alcalde actual, que non o saben, é que a Deputación do Partido Socialista deixou 0 euros consignados, deixou 0 euros con habilitación de crédito para a reforma desta estrada, i que vai a ser o goberno do Partido Popular quen o acometa. Pidan un escrito ó Servizo de Intervención, escóitenme, escóitenme, que hai xente diante, pídanlle un escrito ó Servizo de Intervención solicitando se hai reserva de crédito para esta estrada, que está presupuestada en 988.000 euros. Miren, as prioridades para os veciños de Pazos de Borbén son prioridades para o goberno da Deputación, ¿por que?, porque unha das primeiras obras que licitou i que adxudicou o actual goberno da Diputación do Partido Popular, foi a mellora nunha estrada que tamén beneficia ó Concello de Pazos de Borbén, que verteбра os concellos de Pontearreas i de Pazos de Borbén, cun investimento próximo a 1



millón de euros que xa está adxudicado, fíxense se é importante para nós os veciños de Pazos de Borbén. Sr. Agís, mire, vostede non tuvo oportunidade de ser alcalde, intentouno pero non tuvo oportunidade de ser alcalde, formou parte dun goberno municipal pero non tivo a oportunidade de ser alcalde. Entón, eu lle vou a explicar unha cousa, é moi importante para os alcaldes este tipo de obras, por iso, por iso, por iso, nós vamos asumir tamén o que está defendendo o actual alcalde de Pazos de Borbén, que é o mesmo que defendeu o anterior alcalde de Pazos de Borbén, ó que lle modificaron o proxecto sen dicirillo, que unha vez tidas e presentadas as cesións tuvo que recabar máis porque se modificara o proxecto. Estes son os feitos que hai enriba da mesa da Deputación. I, polo tanto, o goberno da Diputación actual sentarase e falará coas partes implicadas, pero nós levamos 6 meses, vostedes botaron 8 anos gobernando esta casa e son os titulares desta estrada. I voulle a dicir outra argumentación, miren, vostede equivocouse no seu discurso, primeiro dixo que estaba licitada e con ofertas presentadas, despois pediu que se volvera a licitar, despois volveu a rematar dicindo que por favor se adxudique dunha vez por todas, porque xa pasara a fase de licitación. Non, non pode haber licitación sen consignación presupostaria, i polo tanto, a Deputación agora mesmo está traballando no proceso de continuar con ese proxecto.

Sr. Presidente.- Sr. Cubela, rematou o seu tempo.

Sr. Cubela López.- I polo tanto, cando se incorporen as expropiacións definitivas, que ascenden a 40.000 euros, -Sr. Presidente, xa acabo, por favor-.

Sr. Presidente.- Ten a palabra Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- Sr. Cubela, o que pasa con esta moción igual que coas outras o seu gran problema é a mentira, é dicir, o que paso cos pellets, é a mentira, negar a realidade, ou coa autopista pasa o mesmo, negar a realidade, contar mentiras, e aquí pasa exactamente o mesmo, negar a realidade e contar mentiras. Eu me reúno en numerosas ocasións coa plataforma, cos veciños, que, por certo, hai aquí unha ampla representación deles mesmos, e saben perfectamente cales foron os obstáculos que puxo o concello no seu momento. Non é necesario que os



repita porque o sabe todo o mundo, é máis, foi público e notorio, hai notas de prensa onde o alcalde dice que non ten que poñer un duro nin ten que poñer cesións a diferenza do que fixo vostede. Os veciños saben exactamente na fase que se atopaba, se firmou un convenio; cando se firman os convenios se consigna o orzamento para dar cobertura a ese convenio como vostede sabe. Estaba no proceso de licitación, estaba no proceso de presentación de ofertas, tal e como se publicitou por esta Deputación, e o fan os técnicos, ¡eh!, a pregunta é ¿por que está parado?, ¿por que está nun caixón?, ¿a pregunta é que pasa para que os proxectos seus, en igualdade de condicións, sigan para diante e por que o de Pazos está no caixón? Esa é a pregunta, porque na mesma época firmamos convenios con vostede, co seu concello; a diferenza é que os seus van para adiante pero o de Pazos non, esa é a realidade. Logo, con respecto ó que di dos 8 proxectos do Partido Popular é bo que o saque porque así o aclaramos. O que fixo o Partido Popular é sacar 8 proxectos para concellos do Partido Popular cando perdeu as eleccións. Eso é lamentable e os define, os define. Entón sacar eso como unha ventaxa ou como un aliciente para argumentar que como nós paramos proxectos vostedes os paran tamén, é un pouco lamentable. Vostedes o que fixeron foi coller catro papeliños, unha vez que perderon as eleccións, para adxudicarlle ós concellos do Partido Popular proxectos incompletos, en moitos casos sen informes, sen expedientes, en moitos casos sen proxecto. Polo tanto, ¿de que estamos a falar?, aquí estamos a falar dun proxecto que tivo todo un procedemento de aprobación en colaboración co concello, se falou millóns de veces co concello, chamei mil veces ó alcalde, para desatascar este tema, hasta que a presión social e a presión dos veciños conseguiu que afloxara e se puxera a traballar, no último momento, por certo. Di vostede que, claro, que nos acordamos, tuvemos moito tempo e nos acordamos tarde; tuvemos o tempo que o alcalde quixo que tuvéramos, é dicir, cando decidiu, ante a presión social, cambiar de aptitud e colaborar, por certo, moitas das cesións as tuvo que conseguir os propios veciños, están aí, o tiveron que conseguir eles, e foi necesario tamén facer expropiacións porque non se conseguiu todo.

Sr. Presidente.- Rematou o seu tempo Sr. Gregorio. Ten a palabra o Voceiro do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Mire, Sr. Agís, eu só sei que vostede foi o responsable de Infraestruturas e Mobilidade no pasado mandato, non hai que pórse nervioso nin



alterarse co tono, pero o que si que lle pido é respecto, porque vostede me acusou de mentir. Mire, vostede xa non sei cantas veces dixo neste debate que estaba licitada, pero se pedía que se licitase, despois se volve a corrixir e volve a facer o mesmo esforzo, o mesmo esforzo dialéctico en saber o que está vostede intentando querer dicirse a si mesmo. Pois mire, aquí está, esta é a moción do PSOE coas siglas do Partido Socialista, que vostede representa e representou como gobernante nesta Deputación, onde, no punto 1 di, Uno: licitar de inmediato a primeira fase da reforma da EP-7602, de acordo co proxecto redactado e os acordos alcanzados co anterior alcalde de Pazos de Borbén, asumidos polo actual. Póñanse de acordo, ¡eh!, que os que están dicindo que estivo licitado foron vostedes, pero no Boletín Oficial da Provincia i no perfil de contratación non hai ningún trámite feito Sr. Agís. I home, felicitoos por acordarse do anterior alcalde ó que vostedes vacilaron durante tanto tempo, si, si, si. Miren, ¿por que entón vostedes din que non colaborou e lle piden que sexa el capaz de recoller as cesións, foran moitas ou poucas, do núcleo dos Valos en Redondela, tendo outra alcaldesa o Concello de Redondela?. I, home, estou seguro que a min non me vai mentir un compañeiro i un amigo, foi vostede quen lle pediu que a ver si el podía conseguir esos papeliños que di do núcleo dos Valos. Pois mire, levamos seis meses, saliron tamén outros proxectos, como o que lle dicía antes, a mellora da seguridade nunha estrada provincial que une os concellos de Pazos de Borbén i de Pontearreas, que se beneficia outra parte do territorio de Pazos de Borbén, por ende, todos os veciños dese concello, dunha infraestrutura que vai poñer en marcha este goberno en menos de seis meses que tuvo capacidade para licitala. Non teña ningunha dúbida e lle transmito tranquilidade ós veciños e á corporación municipal y llo di o goberno que preside Luis López, que esta é unha prioridade para o actual goberno da Deputación, do Partido Popular, como foi polo anterior goberno municipal do Partido Popular. Eu estou tratando de ser respectuoso, non entro en entrar en debates estériles e por eles con ninguén, simplemente estou falando cos feitos, pónase vostede de acordo consigo mesmo e aclare ós veciños e a esta Corporación se a obra está licitada ou non e senón por que piden neste documento que se licite. Non está licitada, non deixaron cartos para licitala e será este goberno quen traia a este Pleno a consignación presupuestaria suficiente para que os veciños de Pazos de Borbén i de Redondela vexan mellorado este treito de 1,4 km., que é o que se trae i se pide neste Pleno. I polo tanto, non vai ser vostede nin vostedes que tiveron 8 anos quen lle marque as pautas i as iniciativas ó goberno da Deputación, Sr. Agís.



Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Sr. Agís, non sei se quere pechar. Ten a palabra D. Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- Si en algún momento lle pedíramos ó alcalde de Pazos que conseguira a cesión dos terreos do Concello de Redondela sairíamos no telediario, na tvg, polo menos na tvg salimos. Como vostede comprenderá, pois home, lle quedará moi ben pero eso é inaudito. Os veciños coñecen ben cal é o procedemento, non digo que esté licitado, digo que estaba en tramitación a licitación, é o que digo, e o que pedimos é que se licite, e o que pedimos é cal é a diferenza que hai entre os proxectos que deixamos na mesma fase no seu concello e os que deixamos en Pazos, por exemplo, ¿eh?, e xa que vostede di o que di, a pregunta é clara, ¿por que no seu concello avanza e no de Pazos non avanza?, é tan simple como eso. Creo que é evidente a necesidade imperiosa de resolver un problema de seguridade viaria e seguridade peonil nesta estrada, que é verdadeiramente vergonzosa, e bloquearon antes, como todos saben, porque esto non o invento eu, os veciños son plenamente conscientes do papel, do papelón que tivo o Concello de Pazos neste caso, e non entendemos por que se bloqueaba antes e tampouco entendemos porque se bloquea agora. Por certo, o alcalde recentemente se queixaba de que non o reciben, recíbano e déanlle explicacións, e resolvan esto, e liciten este proxecto dunha vez; e agradecer, insisto, á plataforma, ós veciños, ós compañeiros do partido alí que sistematicamente nos presionan e nos están enriba para que desenvolvemos este, para que presionemos e desenvolvamos este proxecto, e, simplemente iso, pedirilles que axilicen, pero non a fase I, senón a fase II e a fase III, que fagan o proxecto completo da EP-2702 Amoedo-Os Valos.

Sr. Presidente.- Grazas Gregorio. Procedemos á votación do segundo punto da orde do día deste Pleno extraordinario. Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para esixir da Deputación a licitación inmediata da primeira fase das obras da estrada EP-2702 Amoedo-Os Valos e da continuidade da reforma integral durante o actual mandato coas dúas fases restantes. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda rexeitada por 13 votos. Non sei se hai algunha pregunta ó respecto, se queredes incorporar preguntas, rogos. Non, vale pois damos por finalizado estes Plenos.



O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para esixir da Deputación a licitación inmediata da primeira fase das obras da estrada EP-2702 Amoedo-Os Valos e da continuidade da reforma integral durante o actual mandato coas dúas fases restantes.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e corenta e dous minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

